



OS  
HW  
Dem



## En abril volta o concurso de robótica da OSHWDem\* para centros educativos!

A mañá do **21 de abril**, a OSHWDem voltará a ruxir os motores dos vosos robots coa segunda edición do concurso de segueliñas para equipos de estudantes de segundo ciclo de ESO e Bacharelato. Queremos promover con isto o interese polas tecnoloxías libres e a robótica entre a rapazada galega, e agardamos recibir a todos os estudantes que teñan ganas de montar o seu robot e vir pasar á Domus unha mañá de aprendizaxe e diversión.

**Cada equipo deberá aportar o seu robot** decidindo os elementos tecnolóxicos a incluír en cada caso. A organización non aportará nin os robots nin outros materiais necesarios para construílos.

Nembargantes, para desenvolver o teu cacharro terás o inestimable apoio dos membros de Bricolabs, que andarán polo [foro de apoio](#) para que o proceso construción dos robots se beneficie do potencial do coñecemento compartido.

Grazas á colaboración de [APETEGA](#), os mellores segueliñas recibirán de premio un kit de robótica aberta, para que poidades seguir a disfrutar do mundo do DIY e irvos preparando para a próxima edición! A proba puntuará na [Liga Nacional de Robótica de Competición](#).

Podes consultar as [bases detalladas aquí](#) , o prazo de inscrición comeza o **7 de marzo**, e estará aberto ata o día 11 de abril ou ate completar o aforo. Para inscribirte só terás que formar un equipo de traballo e cubrir [este formulario](#). **OS FORMULARIOS CUBERTOS ANTES DO 7 de MARZO NON SERÁN TIDOS EN CONTA.**

Por motivos de aforo, non poderemos acoller a un número ilimitado de asistentes. En esta ocasión, poderemos admitir ate 20 robots, así que apresúrate a inscribir ao teu equipo :)

(\*) A [OSHWDem](#) e unha feira de tecnoloxía aberta organizada por [Bricolabs](#) en colaboración cos [Museos Científicos Coruñeses](#) do Concello de A Coruña.